



MAIOS 2011

O maio pillabán

O maíño maio
É moi pillabán
Quere que lle metan
Os cartos na man.

Para facer o maio
Tivemos que ir roubar
Flores e fiunchos
Á horta de San Blas

San Blas perdoa todo
Que corren moi malos tempos
Non hai onde traballar
Parados hainos a centos

Xa dan clases gratuítas:
“Llegue Vd. a fin de mes”
Paga coche e hipoteca
Non te esquezas de comer!



Fai un menú variado
Para comer cada día:
Espaguetis con cuscús
E de beber, auga fría.

Cartos téñenos os bancos
E non os queren prestar
Teñen medo quedar pobres
Logo, quen os vai salvar?.

Necesitan moita pasta
E cobran moitas comisións
Non te vaias despistar
Que te deixan en calzóns.

Claro que uns bos calzóns
Calvin Klein marcan tendencia
Baixaste os pantalóns
Mais da raia da decencia.

E metes as mans nos petos
E destilas chulería
E vaste para o instituto
E dislle: Que pasa tía?

Estudiar e formarse
Será o que derrube o muro
Educación e Cultura
Cambiará o noso futuro!!



Con esta noble idea
Día si e día non
Os políticos pregoan
Porque é tempo de eleccións.



CEIP VILAXOÁN

Todo está patas arriba
Obras e inauguracións
“Nós os bos, eles os malos”
Hai partida de ping-pong.



E o día de Santa Rita
Hai festa e votacións
E despois dun bo xantar
A lucir na procesión.

Infinitas procesións
Chegan por terra e por mar
De Exipto, Túnez e Libia
Que da fame hai que escapar.

E mentres o Gadafi
Mata xente cabreado
E por dentro está pensando
Que me quiten lo bailado!!!



*“Uó uó oó uó uó oó
Y ahora que me quiten,
que me quiten lo bailao”*

Ata a Terra se subleva
E tremou todo Xapón
Tsunamis e nucleares
Son mala combinación



Así neste mundo negro
Fai falla iluminación
Por eso no noso cole
Temos nova instalación

Xa non mais cortes de luz
Non se apaga o ordenador
Despois de anos pedindo...
Loado sexas Señor!!



E xa postos a pedir
Se non é indiscreción
Vemos aí unhas roscas
Serán pra degustación.

E os do **CEIP VILAXOÁN**
Querémolas degustar
Aquí vai a despedida
Xa pensamos en voltar

